



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA O POLO AEROESPACIAL DE GALICIA A 180 MOZOS E MOZAS GALEGOS PARA ESPERTAR NELES AS VOCACIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS

- *O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, participou esta mañá no 'Open Day' celebrado no aeródromo de Rozas*
- *A actividade enmárcase no programa 'Voando alto, sumando vocacións', co que a Administración pretende estimular no estudiantado galego o talento innovador*

Castro de Rei (Lugo), 9 de marzo de 2020.- O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, destacou esta mañá, durante o *Open day* celebrado hoxe, a importancia de achegar o Polo Aeroespacial de Galicia aos mozos e mozas galegos para espertar neles futuras vocacións STEM: "Queremos achegarnos ao talento mozo para sumar vocacións e que os máis novos identifiquen as oportunidades de futuro que para o seu desenvolvemento profesional ofrece este sector", asegurou.

A xornada, na que participaron un total de 180 alumnos de 3º e 4º da ESO e na que colaboraron a Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (Fecyt) e Inta, Boeing, Indra e Babcock, incluíu o programa educativo *Science Truck*, que busca entreter e espertar o interese dos máis novos pola ciencia, así como unha demostración de proxectos que se están levando a cabo nas instalacións de Rozas. O obxectivo da actividade era achegar aos rapaces a este sector innovador a través do Polo Aeroespacial de Galicia e, ao mesmo tempo, visibilizar o traballo que se está realizando no ámbito dos vehículos aéreos non tripulados e espertar nos máis novos a súa curiosidade polas vocacións científico- tecnolóxicas.

Este *Open day* enmárcase no programa *Voando alto, sumando vocacións* que se dirixe a 2350 estudantes de todos os niveis educativos e público xeral e que proximamente porá en marcha, tamén, as actividades *Enxeñando futuro* en colaboración con Indra e *Fly the future* con Babcock. "O obxectivo final é estimular nos nosos rapaces e rapazas o talento innovador", destacou Conde.

O conselleiro explicou que o sector dos vehículos aéreos non tripulados está en crecemento e que está previsto que no 2035 haxa en Europa máis de 400.000 usuarios e que se xeren 90.000 postos de traballo, polo que se Galicia quere consolidar esa posición de referencia debe estimular novas vocacións a apoiar o talento mozo innovador.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

